



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E A FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA, PARA A TRAMITACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR OS GASTOS CORRENTES DE DITA ENTIDADE NO ANO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de xuño de 2023 ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA, para a tramitación da subvención nominativa destinada a financiar os gastos correntes de dita entidade no ano 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009,





do 11 de decembro, inclúe, dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma, as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros.

A Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, ten entre as súas competencias o fomento de todas aquelas accións encamiñadas a incrementar a competitividade das empresas da pesca, o marisqueo e a acuicultura nun contexto globalizado, mediante o reforzamento das súas capacidades de innovación e adaptación ás demandas do mercado e, especialmente, no eido da regulación dos mercados pesqueiros, na mellora das canles de comercialización, na adopción de novos mecanismos de comercialización e na promoción dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

A FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA é unha fundación privada de interese galego, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta, asesoramento e colaboración coa administración na promoción do consumo de peixe e marisco, como eixe vertebral da nosa dieta tradicional, procurando aumentar a introdución destes produtos do mar na alimentación de toda a poboación e, polo tanto, colaborando para incrementar a comercialización dos produtos do mar e favorecendo, deste xeito, o aumento da competitividade dos operadores da cadea mar – industria.

Dentro deste obxectivo o padroado ten plena liberdade para determinar a actividade da fundación, para obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as relacionadas cos seus fins específicos, que son, entre outros:

a. A realización de estudos e proxectos de investigación de carácter multisectorial sobre a dieta atlántica: alimentación, nutrición, saúde, hostalaría, gastronomía, agricultura, gandería, pesca, acuicultura, enoloxía...





- b. Investigación de mercados e comportamentos de consumo
- c. Mellora da calidade nutricional e organoléptica dos alimentos da dieta atlántica
- d. Estudos de impacto
- e. Seguridade alimentaria e trazabilidade
- f. Restauración e turismo gastronómico
- g. Asesoramento a todo tipo de administracións, empresas e institucións educativas e transferencia de tecnoloxía na materia
- h. Certificación de produtos da dieta atlántica
- i. Realización de actividades culturais, científicas ou doutra índole relacionadas co obxectivo da fundación
- j. Proposta e organización de estudos sobre a dieta atlántica
- k. Observatorio de seguimento da dieta atlántica
- l. Difusión da dieta atlántica
- m. Publicacións relacionadas coa temática da Fundación

Que por canto a Consellería do Mar e a Fundación Dieta Atlántica realizan accións comúns encamiñadas ao aumento do consumo de produtos procedentes do mar por parte da poboación, que repercutirán directa ou indirectamente tanto na mellora da comercialización destes produtos de alta calidade, como na mellora da saúde xeral dos potenciais consumidores aos que se destinen estas accións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

